

Castiñeiro (Castaño)

O CASTIÑEIRO COMÚN É UNHA ÁRBORE CADUCIFOLIA MOI COMÚN NOS MONTES DE GALICIA.

A SÚA FORTE ACLIMATIZACIÓN ÁS TERRAS E CONDICIÓNS GALEGAS PODEN FACER PENSAR QUE É UNHA ESPECIE AUCTÓCTONA, PERO EN REALIDADE O SEU ESPALLAMENTO DATA DA ÉPOCA ROMANA.

MOITOS DESTES EXEMPLARES TEÑEN UNHA LONGA HISTORIA QUE SE PODE REMONTAR AOS CEN ANOS.

TAMÉN É MOI COMÚN NOS PARQUES E CIDADES GALEGAS O CASTIÑEIRO DAS BRUXAS OU DAS INDIAS (AESCLUSUS HIPPOCASTANUM), ÁRBORE ORNAMENTAL CADUCIFOLIA DE XÉNERO COMPLETAMENTE DIFERENTE AO CASTIÑEIRO BRAVO E FROITO NON COMESTIBLE. DISE NA CULTURA POPULAR QUE O FROITO DESTA ULTIMA ÁRBORE TEN PROPIEDADES MÁXICAS CONTRA O MAL DE OLLO.



Castanea sativa Miller

Clase: Anxiospermas

Orde: Fagales

Familia: Fagáceas.

Sativa por ser especie cultivada.

As flores son espidas, non teñen sépalos nin pétalos.



LARANXEIRA (naranjo)

- ★ Nome vulgar: Laranxeira.
- ★ Nome científico: *Citrus sinensis*(L.)Osbeck.
- ★ Familia: Rutáceas.
- ★ Reino: Plantae.
- ★ Hábitat: Orixinaria do Sudoeste de Asia.
- ★ Características: Árbore de folla perenne das familias rutáceas de ata 10 metros de altura, coa copa moi redondeada. Follas coriáceas, elípticas, agudas e con peciolo provisto de ás estreitas.
Flores de cor branco moi perfumadas e con 5 pétalos e numerosos estames. O froito, a laranxa, é un hesperidio coa cortiza bastante lisa e de sabor doce e agre, non amargo.
- ★ Esencias: Limoneda (Froito).
- ★ Tamaño da folla: De 7 centímetros a 10 centímetros.



BIDUEIRO (Abedul)

- ★ Nome científico: *Betula Alba*
- ★ Nomes en galego: Bidueiro, abidueira, bido, biduo, bedolo.
- ★ Familia: Betuláceas.
- ★ Floración: abril e maio.
- ★ Hábitat e características: Os bidueiros están en primeira liña de río, despois dos salgueiros e amieiros.
- ★ Medidas: Ata os 20 metros.
- ★ Froito: É un aquenio, comprido lateralmente.



MAGNOLIA GRANDIFLORA

Reino: Plantae.

División: Anxiosperma.

Familia: Magnoliaceae.

Xénero: Magnolia.

Especie: Grandiflora.

Características: Presenta maxestuosas e frondosas copas, lixeramente piramidais.

Follas: Son perennes e de aspecto brillante de forma elíptica e de consistencia dura.

Altura: Normalmente chega aos 15-20 metros pero ás veces aos 25 metros.

Pragas: Cochinillas, pulgóns e caracois.

Floración: Na primavera.



NOGUEIRA **NEGRA**



- Nome científico: *Juglans nigra*
- Peso medio: 609 kilogramos
- Froitos: Noces
- Noces: Pequenas e negras non comestibles
- Cor da madeira: Chocolate ou crema
- Folla: Ovalada e negra, tamén caduca



Utilízase como árbore decorativa porque as súas follas semellanse a unhas tropicais.

Nalguns países as cascas de noces pequenas empréganse para facer vinagre.

Carballo (Roble común)

-Árbore robusta de porte maxestuoso, que pode superar os 40 metros de altura.

-Copa ampla, ovada, redondeada ou irregular e de folla caduca.

- Nome científico: *Quercus Robur*.
- Conservación: Case ameazada.
- Tronco: Curto e moi grosso.
- Follas: Caducas, grandes, simples con pecíolo moi curto.
- Florece en abril ou maio, as landras -o seu froito- maduran en setembro e caen en outubro.
- Reino: Plantae.
- Familia: fagacea.
- Xénero: *Quercus*.
- Habitat: Ata 100 m de altitude.
- Distribución: Europa, Asia, e na península Ibérica en Portugal, Galicia e Cantabria.



Foto: Anne Andersberg



HIBISCO



Hibiscus, comunmente **hibiscos**, chamados *cayena* en latinoamérica, forman un amplo xénero arredor das 220 especies da familia Malvaceae típicas de ambientes cálidos, en rexións tropicais e subtropicais. É orixinario de América e África. Foi descrito por Linneo e publicado en *Species Plantarum* 2: 693, no ano 1753. A especie tipo é *Hibiscus syriacus*. O xénero inclúe plantas herbáceas anuais ou perennes, dende pequenos arbustos a árbores de pequeno porte. As follas son alternas, simples, e ovadas a lanceoladas, a miúdo coa marxe aserrada ou lobulada. As flores son longas, conspicuas, con forma de trompeta, con cinco pétalos, de tonos brancos a rosas, vermellos, morados ou amarelos, de 4 a 15 cm de tamaño. O froito é una cápsula que contén varias sementes en cada lóbulo, que son liberadas cando a cápsula abre, na súa madurez.



O loureiro (laurel)

- Familia: Lauraceae.
- Xénero: *Laurus*.
- Nome científico: *Laurus nobilis*.



- Orixinario do Mediterráneo.
- Varía entre 5 e 10 metros de alto.
- Pode atinxir ata 20.
- Madeira de excelente calidade.
- Coas súas follas fanse coroas.



Loureiro - *Laurus nobilis*

Metrosidero (Árbore do ferro)

Clasificación Científica:

- Reino: Plantae.
- División: Magnoliophyta.
- Clase: Magnoliopsida.
- Orde: Myrtales.
- Familia: Mirtaceae.
- Xenero: *Metrosideros*.

*O **Metrosideros** é un xénero de aproximadamente 50 arbustos e enredadeiras nativos das illas do Océano Pacífico, das Filipinas a Nova Zelandia e incluíndo ás Illas Bonín, Polinesia e Melanesia, cunha anómala remota en Sudáfrica.*



O SABUGUEIRO (*Saúco*)



Nome científico: *sambucus nigra* L

Clase: Magnoliopsida

Orden: Dipsacales

Familia: Adoxaceae

Xénero: Sambucus

Especie: Sambucus nigra

O sabugueiro é un arbusto que non pasa dos 10 metros, xeralmente entre 2 e 5 metros, vese moitísimo á beira dos ríos galegos. As flores son hermafroditas, pequenas e despiden unha suave aroma, desde logo non moi agradable. Os froitos son boliñas negras ou violáceas de 7 mm. Florece desde primeiros da primavera, e frutifica xa a primeiros do verán.

O seu aspecto é inconfundible. Hai anos os rapaces faciamos de todo co sabugueiro, tiratacos, frautas. Posiblemente como planta medicinal sexa unha das máis importantes.



Acacia (acacia)

- Familia: Fabaceae
 - Xénero: Acacia
 - Nome Científico: Acacia senegal
-
- Deste exemplar existen unhas 1.300 especies no mundo (unhas 950 especies proceden de Australia) Necesitan unha temperatura de entre 5 °C e 10 °C para hibernar. No verán necesitan abundantes regos con esterco completo.
 - As acacias son plantas fixadoras de nitróxeno. Desesa forma, contribúen á nitrificación do chan, e fan que este sexa ideal para plantas, como as ornamentais, que precisen chans básicos.
 - Tamén facilitan o acceso a este elemento a outras plantas. Son de rápida xerminación e fácil cultivo.



CICLAMOR (*árbore do amor*)

- *Nome científico: cercis siliquastrum*
 - *Familia: fabaceae*
 - *Xénero: cercis*
-
- *O nome científico desta árbore deriva de "kerkis" ,que significa árbore en grego antigo; e "siliquastrum" ,que fai referencia ao tipo de froito.*
-
- *É nativo da zona mediterránea ,no sur de Europa e sureste de Asia , está presente en España.*
Esta árbore pode chegar a medir 15 m, normalmente ten entre 4 e 6 m de altura.



ACIVRO (ACEBO)

- **NOME CIENTÍFICO: *ilex aquifolium***
- **FAMILIA: Aquifoliaceae**
- **XÉNERO: *ilex***

O acivro é unha árbore de folla perenne.

Pódese atopar nas zonas montañosas de Galicia.

Adoita medrar nos bosques no oeste, no outono e inverno.

Ten unha altura entre 2 e 5 metros.

As súas follas utilízanse como laxante e os froitos como purgantes.



GRANADO

- **Familia: Lythraceae**
 - **Xénero: Púnica**
 - **Nome científico: Púnica granatum**
-
- ◆ **A púnica granatum , o granado, é unha árbore froiteira caducifolia que pode alcanzar de 5 a 8 m de altura e que ten por froito a granada**
 - ◆ **O nome do xénero, púnica, deriva dos fenicios, que foron uns difusores activos do seu cultivo.**



MACEIRA (Manzano)

A malus doméstica cultívase desde hai máis de 15.000 anos.

A súa orixe parece estar no Cáucaso e ás ribeiras do mar Caspio. Foi traída a Europa polos romanos e na actualidade existen unhas 1.000 especies, como resultado de diferentes hibridacións entre especies silvestres.

Crese que houbo variedades como a malus baccata e malus silvestre, pero non existen evidencias disto en antigas maceiras cultivadas.

É unha árbore de medio tamaño (12 m de altura).

As bonitas flores (tamén aromáticas) teñen unha corola con 5 pétalos brancos, arredondados, frecuentemente veteados de vermello ou rosa e son pedunculadas.

Son hermafroditas, con cáliz de cinco sépalos e numerosos estames amarelos.

O seu froito, a mazá, acostuma madurar contra o outono.

✓**Reino: plantae**

✓**División: magnoliophyta**

✓**Clase: magnoliopsida**

✓**Orde: rosales**

✓**Familia: rosaceae**

✓**Xénero: mallus**

✓**Nome científico: mallus sieversii**

MACEIRA



FREIXO (FRESNO COMÚN)

- . É MOI FRECUENTE NA METADE NORTE DE GALICIA, XUNTO AOS RÍOS.
As follas son bastante caedizas, trátase de follas compostas e lanceoladas, como se pode ver na fotografía. Ó caer adquiren unha tonalidade máis ben amarela.

Están formadas entre 5 a 13 folíolos. Normalmente con remate dunha folla.

A SÚA MADEIRA É MOI DOADA DE TRABALLAR, FOI MOI USADA PARA MANGOS DE FERRAMENTAS, ETC.

. A CASCA EN INFUSIÓN É MOI BOA, DIN, COMO RECONSTITUÍNTE. AS FOLLAS TÉÑENSE USADO COMO LAXANTE E DIURÉTICO.

Non é doado de distinguir o freixo da freixa (esta ten as xemas castaño escuras, mentras as do freixo son negro mate; de todos os xeitos no sur de Galicia o máis seguro é que sexa freixa...). A súa leña é bo combustible.

- . CLASE: MAGNOLIOPHITA
- . ORDE: LAMIALES
- . FAMILIA: OLACEAE
- . XÉNERO: FRAXINUS
- NOME CIENTÍFICO: FRAXINUS EXCELSIOR

